Que pasa na Costa

# A artista muxiá Eva Castiñeira na Galería Mulleres de abril

MUXÍA CULTURA




DEINDO 09:23 03/04/13




Mes de abril de 2013 a a Galería Mulleres do Concello de Muxía o celebra dende casa. I é que **Eva Castiñeira, naceu no lugar de Agranzón, en Muxía**. E emigrou ao barrio coruñés de San Pedro de Visma para de Visma para traballar como asistente doméstica. Aos oito anos xa cantaba con outras dúas pandereteiras veciñas da bisbarra, actuando en bailes e romarías da zona.

Aprendeu a tocar a pandeireta e ás veces tocaba coa súa irmá Engracia. Fíxose coñecida tocando co cego Florencio, cecáis o último cego cantor, co que facía parella artística. El tocaba o violín.

Seguramente a nena Eva Castiñeira alegrou moitas festas coa súa música e xa adulta convertiuse nun tesouro vivo da música tradicional. As pezas de Eva son todas herdadas da tradición popular oral, ainda que ela adaptaba as letras. Moitas pezas tradicionais chegan ata nós grazas ao traballo de Eva.

Na actualidade o grupo Leilía dedícalle o seu disco ConSentimento.

## Máis información

Na Biblioteca da Muller do Concello de Muxía podes atopar:

- Pilar Ramos. FEMINISMO Y MÚSICA.Introducción crítica. 2003.
- Lucy Green. MÚSICA GÉNERO Y EDUCACIÓN. 2001
- Laura Viñuela. PERSPECTIVA DE GÉNERO Y LA MÚSICA POPULAR, LA. Dos nuevos retos para la musicología. 2003.

## Novas relacionadas

- Muxía arrasa nos premios de Xestión Cultural co Proxecto Buserana e a Galería Mulleres.
- Un novo certame de poesía polas Mulleres do noso tempo.

## Galería Mulleres de Muxía

- Marzo 2013: A Galería Mulleres de Muxía cumple 3 anos con Teresa Alvajar.
- Febreiro 2013: Fina Casalderrey. Unha académica da RAG para o febreiro da Galería Mulleres.
- Xaneiro 2013: Exeria: a primeira peregrina cristiá estrea o 2013 na Galería Mulleres de Muxía.
- Decembro 2012: Luz Pozo, poesía mariñá para a Galería Mulleres.
- Novembro 2012: Un baile con Carolina Otero dende a Galería Mulleres de Muxía.
- Outubro 2012: Anisia Miranda protagoniza o outubro da Galería Mulleres de Muxía.
- Setembro 2012: Chavela Vargas no inicio do novo curso na Galería Mulleres.
- Agosto 2012: Syra Alonso achéganos ás torturas da represión franquista dende a Galería Mulleres.
- Xullo 2012: A Galería Mulleres preséntanos á pedagoga Antía Cal.
- Xuño 2012: Remedios Varo, pintura surrealista para o xuño da Galería Mulleres.
- Maio 2012: Xela Arias: poesía e tradución para o maio da Galería Mulleres de Muxía.
- Abril 2012: A científica Angeles Alvariño protagoniza o abril da Galería Mulleres de Muxía.
- Marzo 2012: Aurora Marco protagoniza o mes de marzo da Galería

Mulleres e se achega por Muxía.

- Febreiro 2012: O Concello de Muxía dedica o mes de febreiro da Galería Mulleres a María Reimóndez.
- Xaneiro 2012: A Galería Mulleres de Muxía inclínase ante Frida Calo.
- Decembro 2011: A Galería Mulleres lembra este mes de decembro á imprescibible Concepción Arenal.
- Novembro 2011: A Galería Mulleres recupera o compromiso de María Miramontes.
- Outubro 2011: A Galería Mulleres expón este outubro á escritora Teresa Moure.
- Agosto 2011: Luisa Villalta, na Galería Mulleres durante este mes de agosto.
- Xullo 2011: A galería Mulleres de xullo está dedicada á filósofa e profesora galega Mª Xosé Agra Romero.
- Xuño 2011: Simon de Beauvoír, unha pensadora no xuño da Galería Mulleres.
- Maio 2011: María do Carme Kruckenberg, muller do maio na Galería Mulleres.
- Abril 2011: A Galería Mulleres viaxa ata Alemaña para coñecer á pintora alemá Käthe Kollwitz.
- Marzo 2011: A fisterrá Celia Rivas protagoniza o marzal da Galería Mulleres de Muxía.
- Febreiro 2011: Xohana Torres, a muller de febreiro na Galería Mulleres de Muxía.
- Xaneiro 2011: Xaneiro é o mes de Luz Darriba na Galería Mulleres de Muxía.
- Decembro 2010: A pensadora María Zambrano, a protagonista do Novembro da Galería Mulleres.
- Outubro 2010: Marilar Aleixandre protagoniza o outubro da Galería Mulleres.
- Setembro 2010: Coñecendo á actriz María Casares coa Galería Mulleres.
- Agosto 2010: A actriz e escritora Paula Carballeira protagoniza o agosto da Galería Mulleres.
- Xullo 2010: A transgresora pintora Maruja Mallo protagoniza o xullo da Galería Mulleres de Muxía.
- Xuño 2010: A escritora e pioneira feminista María Xosé Queizán

protagoniza o xuño da Galería Mulleres.

- Maio 2010: Muxía dedica o maio da Galería Mulleres a Rosalía de Castro.
- Abril 2010: A primeira muller membro da RAG protagoniza o mes de abril da "Galería Mulleres" de Muxía.
- Marzo 2010: María Lado estrea a Galería Mulleres do Concello de Muxía.

## Fonte

- Concello de Muxía, da man de Viki Rivadulla.

COMENTARIOS

**Sen comentarios**

Deixa o teu comentario…

Que pasa na Costa

COPYRIGHT 2019 QUE PASA NA COSTA

Axudas ao programa do bono das persoas autónomas

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA